



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 25 DE ABRIL DO 2022

ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Olimpia Marcos García Dna Mª Victoria Montenegro Paz. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luís Cendán Fernández. Dna. María Carmen Brage Otero. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. José Manuel Cendán Fernández D. Marcos Carballo Sarmiento Ausencia Xustificada: D. Miguel Ángel García Paz. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e cuarenta e dous minutos do día vinte e cinco de abril do dous mil vinte e dous, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Aprobación se procede das actas da sesión do día 28-03-2022.

Sometida a votación a aprobación das “**Actas da sesión do día 28-03-2022**” o Pleno do Concello por unanimidade dos presentes, 12 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 1 BNG-1 Ausencia Xustificada), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm.2.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da “última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm. 3.- Mocións-Proposta

A) Moción do Grupo Municipal do BNG: “Buque Villa de Pitaxo”





MOCIÓN DO BNG AO PLENO DO CONCELLO DE ARES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas o Goberno de España comprometeuse publicamente na procura de medios para descender, tras localizalo, ao buque "Villa de Pitaxo".

Transcurrido un tempo máis que razoábel, e tras a falta de noticias, indicase que non se realizará esta operación, o que xera vergonza e dor pola clara falta de respecto aos 21 falecidos, as súas familias e a toda a xente do mar.

Sumado á falta de humanidade e empatía que xera este feito, hai que sinalar que a escusa de non poder atopar os corpos ou a imposibilidade de acceder ao interior da nave non é obstáculo para acometer o descenso até o barco afundido, e poder obter imaxes da situación e circunstancias nas que se atopa buque.

Ademáis, a Fiscalía indicou a existencia de indicios de homicidio imprudente no afundimento do "Villa de Pitaxo", cuestión pola cal, e agora máis ca nunca, o visionado do estado do barco arrojaría datos para o bo discurrir da investigación e, consecuentemente, para o esclarecemento da verdade.

Por iso, sometemos o seguinte ACORDO AO PLENO para o seu debate e aprobación, se procede:

INSTAR ao Gobemo de España a posta en marcha dunha operación de traballo subacuático que permita localizar o buque "Villa de Pitaxo", descender ao mesmo e elaborar un traballo fotográfico e audiovisual sobre o estado do mesmo, así como recoñecer a súa contorna e zona exterior do buque para verificar a localización dos corpos dos tripulantes desaparecidos

INSTAR a que se cumpra o compromiso adquirido de baixar ao buque.

En Ares, a de Abril de 2022

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que o que ten que expoñer está moi ben resumido na moción presentada, simplemente incidir en que hai unhas versión distintas do acontecido e ademais de todos estes motivos, eu penso que debe terse en conta, que xa que hai varias versións, simplemente pola paz social e mental da comunidade debería tratar de poñerse digamos algún remedio e buscar algún resultado, algún indicio do que realmente pasou, nada máis que dicir, eu supoño que como foi entregado en tempo e forma todos tiveron tempo de ler o documento.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.





Intervén o Sr, José Manuel Cendán Fernández sinalando que o seu voto vai ser favor, isto xa foi presentado polo PP no Parlamento de Galicia, coincidimos ao cen por cen e polo tanto o noso voto vai ser favorable.

Unha vez rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a moción a votación.

Sometida a votación a aprobación a **“Moción do Grupo Municipal do BNG: “Buque Villa de Pitanxo”** o Pleno do Concello por unanimidade dos presentes, 12 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 1 BNG-1 Ausencia Xustificada), acorda prestar a súa aprobación.

A) Moción do Grupo Municipal do BNG: Apoio ao Pobo Saharauí

Moción de apoio ao Pobo Saharauí

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Ares presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

Diante da decisión do goberno español de asumir a postura de Marrocos de non respectar o dereito de autodeterminación do pobo saharauí, o BNG mostra o total rexeitamento á mesma. Esta supón a asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sahara Occidental, aceptando o seu plan de autonomía, e que na práctica significa a anexión por Marrocos do territorio saharauí.

Consideramos a postura do goberno español como unha traizón ao pobo saharauí, xa que prégame aos intereses de Marrocos e vai en contra de todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, que unanimemente se teñen pronunciado a favor do dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación, por medio dun referendo entre a súa poboación.

A postura do goberno español supón lexitimar a ocupación por parte de Marrocos, a represión, a violación dos dereitos humanos e o roubo das riquezas existentes en territorio saharauí. Ademais demostra que a política exterior do goberno español se alinea claramente cos posicionamentos dos EUA e Israel, dous estados coñecidos pola súa política imperialista de agresión a outros pobos, e apoio a réximes antidemocráticos, como é o caso da monarquía marroquí.

Esta decisión aumenta a situación de tensión nunha rexión na que a provocación de Marrocos en novembro de 2020, levou ao reinicio do enfrontamento bélico entre os exércitos saharauí e marroquí.

Supón a asunción de parte, e por tanto impide que o estado español poida xogar o papel que lle corresponde no proceso de descolonización como potencia





administradora, en base á Carta das Nacións Unidas e aos acordos sobre descolonización da última colonia existente no continente africano.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Mostrar o seu firme apoio ao pobo saharauí, e ao seu único e lexítimo representante o Frente Polisario, na súa loita contra a ocupación militar e polo exercicio pleno do dereito de autodeterminación e a independencia.

2.- Esixir do Goberno español:

A rectificación da decisión de asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sahara Occidental, e polo tanto defender o dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación por medio dun referendo, tal como recoñecen todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, a empezar pola ONU, que unanimemente se teñen pronunciado neste sentido.

Que esixa a Marrocos que cese de inmediato a sistemática violación dos dereitos humanos da poboación saharauí que vive nos territorios ilegalmente ocupados do Sahara Occidental.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que sobre esta moción volvo a dicir que está ben resumida e explicada pero a parte, quixera engadir que é un pouco contradictorio que se abandone a situación dos Saharauís e por outro lado estamos pendentes de traballar con eles e pola paz quero dicir, que deberíamos ter unha postura máis concreta en todos os aspectos dende o goberno central como dende a sociedade, deberíamos ter unha posición máis unánime. Por outro lado, habería que ter en conta que todos os pobos teñen dereito a súa liberdade e teñen dereito a vivir en paz sen depender de ninguén entón, con esa premisa parece un pouco desconcertante que se permita ou se ceda como se fose un traxe a outro goberno unha zona na que por historia a responsabilidade segundo se recoñece nas Nacións Unidas a seguiría tendo España que foi o colonizador desa zona.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendan Fernández sinalando que o seu grupo coincide nalgunha cousa pero no fundamental non, manifestar a nosa crítica a posición do Presidente do Goberno, non do Parlamento ni do mesmo PSOE no cambio de posición é dicir, sen ter acordo no parlamento, a maioría dos partidos políticos estaban en desacordo e o máis grave é que a día de hoxe aínda non se sabe o contido do escrito enviado polo Presidente do Goberno a Marruecos. Nós creemos que todo o que sexa política de exterior debe ser consensuada e deber ser tomada en consideración e que todo o mundo opine no Parlamento de España que para iso está e así se veu facendo durante corenta e sete anos, eu non sei si ten razón ou non





ten razón xa se verá cando se teña coñecemento do contido do convenio. Estamos preocupados polo cambio tan radical dende a chegada do fronte Polisario, despois un cambio total e absoluto pola crise de Marruecos e creo que o pobo español non se merece o espectáculo que estamos dando ao exterior a consecuencia do cambio por parte do goberno, reiterar que a política exterior hai que consensuala e nós preocupa e hai que chegar a un acordo cos dous grandes partidos PP e PSOE Ceuta e Melilla, eu creo que quedo coxa e imos a estar en debilidade fronte a Marruecos e sen deixar claro que Ceuta e Melilla son españois, agora empezan a dar a lata, isto xa o ganaron e agora empezan outra vez con isto, eu creo que a política exterior como dixen anteriormente debe ser consensuada e pactada porque é unha cousa de todos e todos temos que decidir.

Con respecto a moción presentada polo BNG nós non coincidimos nos dous puntos, (inintelixible) polo tanto a nosa postura vai ser votar en contra da moción.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que a posición do Goberno de España é iso a posición do Goberno de España, é un goberno de coalición e o Presidente dirixe a política exterior pero o PSOE ten unha traxectoria, ten unha posición inequívoca sobre este conflito, o sistema de primarias permite elixir un líder que logo non ten por así decilo controis intermedios, o líder gaña as primarias, vai a un congreso para ratificalo e ben, nese congreso elixen os representantes de diferentes órganos incluído o máximo órgano do partido de congresos e o comité federal, o comité federal é o órgano de fiscalización e no momento en que se elixe a súa gran maioría nun congreso onde se ratifica ao líder das primarias pois é moi difícil que dende o comité federal incida nas políticas do goberno, temos un liderazgo omnipresente, gaña as primarias e o candidato a presidencia, e o dirixente do partido sen un órgano intermedio que condicione o desenvolvemento das súas políticas, tamén este é o modelo do PP pero ben, vese que o PSOE camiña ao modelo do PP de feito nos territorios estase construíndo os liderazgos sobre as baronías que presiden as deputacións, isto o PSOE non o fixo na vida entón efectivamente imos a un partido presidencialista como é o PP, non digo que sexa nin mellor nin peor, digo que non é o meu modelo entón aquí, que cada un vote en conciencia, nós temos un goberno de coalición NAL-PSOE quen está a falar aquí desta situación é o goberno, non é o partido que non dou os documentos que definan a posición política nesta situación e en consecuencia, o goberno ten a liberdade para que cada un dos seus concelleiros vote en conciencia esta moción, aquí non hai disciplina de partido porque é unha cuestión de goberno, este cambio de postura non foi debatido en ningún órgano do partido e por tanto, tampouco no máximo órgano que é o congreso do comité federal que é o que pode mudar a posición do partido, a posición do goberno é a do presidente e a do seu goberno pero a posición do partido é a que manifestan os seus órganos con capacidade de decisión en consecuencia, se non hai máis intervención procedemos a votación e xa anuncio que o goberno ten a liberdade de votar en conciencia o que considere oportuno.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando, que a día de hoxe non podo dicir que a posición que adoptou o Presidente do Goberno non é acertada que ao mellor si o é pero, a política exterior como se ven facendo dende fai corenta e sete anos unha determinación desas hai que pactala con todos os partidos, e máis cos nacionalistas,





independentistas aínda que sabemos que non vai a haber acordo pero entre os dous grandes partidos iso era fundamental un cordo e a día de hoxe o escrito que aínda encima se fixo en inglés e mal redactado todos os grupos do parlamento pediron a comparecencia do Ministro de Exteriores e do Presidente do Goberno é ata día de hoxe non hai coñecemento sobre este tema. Tomar unha decisión tan grave e tan responsable como é a cesión do Sahara non se pode facer dun día para outro cun escrito senón que habería que chegar a un acordo, se puidera ser de todo o Parlamento mellor pero como dixeran anteriormente entre os dous partidos nacionais maioritarios son os que teñen que tirar do carro e canto a institución deste país debería de haber un acordo, como non coincidimos cos dous puntos do BNG aínda que nalgunha cousa si, imos votar en contra.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que non sabe si hai razóns de estado aínda que imaxino que si, pero as razóns de estado explícanse entón, eu creo que aquí falta unha explicación sobre este cambio de postura. O Sahara foi unha provincia española ata que se fixo o que se fixo, foi unha provincia española onde había cidadáns españois con DNI e Pasaporte español, nós temos unha responsabilidade como metropole dese territorio no seu momento que foi incorporado ao territorio español e esa é a realidade ao igual que Ceuta e Melilla formaba parte de España cando aínda non existía Marruecos que é de broma, a quen lle quitamos Ceuta e Melilla a quen non existía naquel momento pero ben a coroa e os Borbones teñen o que teñen para subir ao trono Felipe V asinou o tratado de Utrech e renunciou ao territorio de Menorca e Gibraltar e lles importou moi pouco a territorialidade de estado e con Franco agonizante Juan Carlos fixo o mesmo co Sahara entón ben, esta é a integridade territorial de estado cando a podían defender como é o caso de Gibraltar, Menorca e o Sahara pois non a defenderon, esa é a realidade, falan dunha segunda traizón, pois claro que é unha segunda traizón, ten razóns de estado pois que expliquen as razóns de estado, ao descubrimento petrolífero preto das Canarias, a tranquilidade de Ceuta e Melilla que non van a facer máis reivindicacións sobre esas cidades, non sei cales son as razóns de estado el calquera caso xa digo, este é un tema que excede do ámbito municipal, nós estamos aquí para gobernar o concello de Ares pero presentase esta moción e temos que pronunciarnos sobre ela entón efectivamente que cada un que vote o que queira e se non hai máis intervencións procedemos a votación.

O Sr. Alcalde somete a moción a votación.

Sometida a votación a aprobación a **“Moción do Grupo Municipal do BNG: Apoio ao Pobo Saharaui”** o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE e 1 BNG-1 Ausencia Xustificada) 3 votos en contra (3 do PP) e 1 abstención (1 de NAL), acorda prestar a súa aprobación.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que hai unha moción por vía de urxencia presentada polo PP **“Contra a exclusión financeira”** sobre que todos os cidadáns teñan uns servizos bancarios





dignos e que efectivamente ninguén quede excluído destes servizos que loxicamente prestan os bancos supoño que en funcións de competencia, agora suben comisións e suben todo, é moi difícil atopar un marco diferenciado entre todas as entidades quen ten conta ten que pagar comisión e o que ten que pagar comisións non pode ter conta e as contas son imprescindibles para recibir ingresos por parte das administracións, as administracións non dan os cartos nas mans a ninguén.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR CONTRA A EXCLUSIÓN FINANCEIRA

Jose Manuel Cendan Fernandez en calidade de Portavoz do Grupo Municipal de Ates e, contando co apoio do citado grupo, quere someter ao pleno para a súa consideración, debate e aprobación, se procede, a moción CONTRA A EXCLUSIÓN FINANCEIRA.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Segundo os datos do Banco de España correspondentes ao pasado setembro, no último ano a banca pechou en España case un 11% das oficinas. As 20.421 sucursais actuais son case un 56% menos que as 46.118 do 2008. Galicia viu desaparecer nos últimos 12 meses 189 sucursais bancarias.

Se comparamos os datos dos últimos 6 anos, a 30 de setembro de 2015 en Galicia había 1.719 oficinas abertas, fronte as 1.096 que se contabilizan no ano 2021, isto é, un 36% menos. Porén, a nivel estatal este dato é moito máis preocupante, cunha perda de oficinas do 56%.

As entidades financeiras están a priorizar o uso das novas tecnoloxías para a realización da maioría dos trámites bancarios. Aínda que a banca electrónica aporta vantaxes de inmediatez e accesibilidade, unha implantación precipitada dificulta o acceso a servizos financeiros básicos naqueles lugares onde a dixitalización aínda non se desenvolveu na súa plenitude ou naquelas persoas que teñen un menor desempeño nas novas tecnoloxías, con especial incidencia na poboación envellecida e que vive soa.

Todas as administracións públicas, en colaboración coas entidades financeiras, deben garantir que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia e da súa idade, teña acceso aos servizos bancarios e financeiros, prestando especial atención ao ámbito rural e a poboación privilexiada.

De feito, xa existen fórmulas útiles neste ámbito, como a iniciativa promovida pola Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, que permitirá a moitas localidades que carecen de oficina bancaria dispoñer dun caixeiro no seu municipio e que os veciños poidan contar con servizos de asistencia financeira e de formación. Ademais a través dos organismos autonómicos de Consumo tamén se traballa na defensa dos usuarios de banca,





mediante a organización de campañas informativas e prestación de asesoramento en materia de servizos financeiros.

Existen iniciativas semellantes ao longo do territorio español, nas que están involucradas outros gobernos autonómicos, deputacións provinciais, concellos, ou incluso a empresa pública estatal Correos que, segundo ten anunciado, pretende instalar caixeiros en concellos sen entidade bancaria.

Dende o noso grupo valoramos moi positivamente todas estas medidas, pero consideramos que debería existir unha coordinación e unha planificación a nivel estatal para que realmente sexan eficaces, xa que non estamos ante un problema exclusivamente galego, senón que se da no conxunto de España, tal e como vemos nos medios de comunicación, e no que todas as administracións deben implicarse.

Tal e como se recolle na moción aprobada no pleno do Senado o 9 de setembro, existe un amplo consenso para que o Goberno de España elabore un estudo detallado sobre a situación real de exclusión financeira e se acorde un paquete de medidas global para abordar este problema.

No pasado mes de setembro, o Partido Popular, a través do seu grupo parlamentario, levou ao Pleno do Parlamento de Galicia unha iniciativa na que se demandou do Goberno do Estado unha actuación coordinada e a adopción das medidas recollidas no acordo plenario do Senado.

Meses despois, a problemática segue sen resolverse, e todo indica que continuará agravándose non vindeiros anos, polo que é necesaria é urxente unha actuación por parte do Goberno estatal.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no concello de Ares, presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO

PROPOSTA DE ACUERDO:

Reiterar ante o Goberno de España a necesidade de elaborar un estudo, en colaboración co Banco de España e a CNMC, sobre a situación do mercado financeiro en España desde o punto de vista da concentración bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros básicos, que sirva de base para a elaboración e posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.

Entre as medidas deste plan estatal contra a exclusión financeira estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de xeito que se garanta á súa prestación para todos os usuarios, cunha calidade determinada e a un prezo asequible."





En Ares a 22 de abril de 2022

Fdo. José Manuel Cendan Fernández

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP para expoñer a urxencia e a moción.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que no municipio hai dúas entidades bancarias e vaías a onde vaías saes indignad, a atención é mala, hai horarios para facer xestións, cóbranche por todo a min enfádame moito o trato a xente maior, esta moción ao mellor habería que discutila fai uns meses pero ben, con ir alí e presenciar ese espectáculo e tremendo, soamente en Galicia sacaron dúascentas e pico oficinas bancarias, reduciron persoal, condicionante co horario, a xente maior a vacilan polo tanto creo que nós deberíamos de pronunciarnos como se pronunciaron case todos os concellos de España en contra disto porque é un abuso a cidadanía o que está facendo a banca.

Reiterar ante o Goberno de España a necesidade de elaborar un estudo, en colaboración co Banco de España e a CNMC, sobre a situación do mercado financeiro en España desde o punto de vista da concentración bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros básicos, que sirva de base para a elaboración e posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.

Entre as medidas deste plan estatal contra a exclusión financeira estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de xeito que se garanta á súa prestación para todos os usuarios, cunha calidade determinada e a un prezo asequible."

O Sr. Alcalde dálle a palabra a veceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que quixera que este tipo de acordos tivese a posibilidade de falalo co meu consello local de todas formas, teño que falar a título persoal.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que o BNG tamén presenta mocións pola vía de urxencia e non nos da tempo a falalo nos nosos partidos, non o entendo porque ti fas o mesmo.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que esta moción a aprobou todo o mundo non hai dúbida, o problema é que nós non o fixemos e nos estamos deixando ir pero chegas a oficina bancaria e ves ese espectáculo e a impotencia de que non te atenden, de que vai unha persoa maior e a tolean os Mandan ao caixeiro a un señor de oitenta anos que non sabe, paréceme lamentable e aínda encima cobran por todo pero ben, incidir en que esta





moción foi aprobada por todo o mundo, nos a deixamos pero agora creo que é o momento de pronunciarse.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que o di é porque por un lado permitiuse que se pecharan servizos e por outro lado se subvencionan caixeiros automáticos no rural e agora aparecemos con isto.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que se venden os bancos a venezolanos en vez de manter un capital galego o compra unha entidade estranxeira, é digo venezolanos como se digo chinos o americanos o tema é que no Banco Pastor a xente tiña capital galego e caixa Galicia temen, Caixa Vigo e non se mirou polo capital propio e agora o que fan e facer caixa, os outros tamén farían caixa pero habería capital propio e terían unha maior vinculación co país.

Responde a Sra. Brage Otero sinalando que xa non quería dicir tanto, pero era visto, era sabido, aí coincidimos.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que aínda por enriba tivemos a mala sorte de que o Banco Pastor quebrou e o comprou o Banco Santander e a política do Banco Santander coa sucursal de Ares é manter unha franquicia, son xestores non se xera ningún tipo de competencia polo tanto é unha situación dura, imaxino que agora evidentemente fan o que queren, en Ares que servizos financeiros tes, unha axencia que cobra por todo preste ben o servizo ou mal, non o sei que non son cliente entón pois non sei, creo que estamos mal nese sentido.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero dicindo que o que ve é por un lado dunha maneira, e agora é reiterar a necesidade de elaborar un estudo realmente non hai ningunha medida concreta.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que o PP refírese a que é unha situación na que en Ares a padecemos con Abanca e en outros sitios con outras entidades, isto é en toda España.

Intervén a Sra. Brage Otero afirmando que é en todos os sitios.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que é indignante que estes pagando uns servizos e mándate o caixeiro a un señor de oitenta anos que non sabe usalo, o horario as once da mañá.

Intervén novamente o Sr. Alcalde facendo referencia ao horario, chegas alí despois das once da mañá e está pechada a caixa pero ben, se non hai máis intervencións procedemos a votación





deixando constar que isto non é competencia do goberno, nós non podemos facer nada polo tanto anunciamos a liberdade de voto.

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada polo Grupo Municipal PP **"Contra a exclusión financeira"** o Pleno do Concello por unanimidade dos presentes, 12 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 1 BNG-1 Ausencia Xustificada), acorda prestar a súa aprobación.

O Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada polo "Grupo Municipal PP Contra a exclusión financeira".

Sometida a votación a aprobación a **"Moción do Grupo Municipal PP Contra a exclusión financeira"** o Pleno do Concello por unanimidade dos presentes, 12 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 1 BNG-1 Ausencia Xustificada), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm 7.- Rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde dálla a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia a un corte na estrada de Pedros que leva máis de tres meses sen reparar, no sei si a responsabilidade e da empresa ou do concello pero si vas no coche e despístaste reséntense as rodas, habería que votarlle aínda que sexa formigón porque leva máis de tres meses nese estado.

Con respecto as resolucións as seguintes preguntas:

- Resolución 121/22 "Contencioso administrativo comunidade de propietarios Avda. Redes 2-4-6" cal é a situación.
- Resolución 124/22 "Axudas autonómicas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativas" tipo de axudas.
- Resolución 125/22 "Saldo de dubidoso cobro" como é este proceso.
- Resolución 127/22 "Expediente sancionador incoado a la mercantil REPSOL COMERCIALIZADORA DE ELECTRICIDAD Y GAS S.L.U" que tipo de obra fixo.





En canto a Xunta de Goberno do 21/04/2022 no punto 10.- “sentenza do contencioso-administrativo terraza do Mourón”, isto xa veu pero non sei si é que se recorreu.

Preguntar sobre varios puntos de Xuntas de Goberno como é a desestimación do convenio coa Xunta da brigada contraincendios, a sentenza do TSXG sobre a licenza de Gamundi polo solar da Avda. Saavedra Meneses.

En canto a obra da estrada de Chanteiro levan máis de vinte días sen traballar, que é o que está sucedendo, cales son os motivos polos cales abandonaron a obra.

Remata o voceiro do PP a súa intervención.

Responde o Sr. Alcalde as preguntas formuladas polo voceiro do PP.

En canto a reposición do firme da estrada de Pedros sempre que se abre unha vía esperase que repise sobre todo si chove ou é inverno.

Intervén a Sra. Marcos García sinalando que foi reparada a semana pasada de novo.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que as reposicións sempre tardan porque esperase que repise.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que é urxente a reparación porque é perigoso.

Responde a Sra. Marcos García incidindo en que a reparación está feita dende a semana pasada, esa é a información que teño.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que pasou todos estes días e segue igual, pasei onte e segue igual porque lle votan zahorra e a zahorra a levan os coches e si chove máis, leva tres meses.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que é normal, cando se encargan as reposición non se contrata un camión de asfalto para facer tres metros cadrados, vamos esperando porque non é o mesmo comprar para catro metros cadrados que para vinte sitios entón primeiro, esperase a que repise, segundo esperase a que faga bo tempo e terceiro, esperase a contratar un camión de asfalto e vaise facendo reposicións por todo o municipio, esperase a un volume conveniente non se pode comprar asfalto para unha reposición tan pequena vale máis o transporte que o asfalto.





En canto o contencioso da Avda. de Redes, leva toda a vida sendo beirarrúa, hai unha servidume de paso e a queren pechar e o concello evidentemente defendendo os interese xerais non permite que se peche unha beirarrúa é así de sinxelo, queren péchalo porque din que é deles pero levase máis de vinte anos pasando, e a lei de dereito civil de Galicia di que cando se pasa vinte anos por un sitio hai servidume prescrita, lémbrense tarde se lle queren votar un pulso ao concello que o voten pero evidentemente o concello non pode renunciar a dereitos e a min a lei non me permite darlles a razón cando é un prexuízo para os veciños/as por tanto ten que tomar a decisión si eles o consideran oportuno un xuíz, como un Alcalde lles vai a permitir pechar unha rúa.

En canto a resolución 127/22 o expediente sancionador de REPSOL non teño nin idea, non sei porque se sancionou, non o podo dicir porque o descoñezo.

Intervén o Sr. Secretario sinalando que é por non aboar as taxas de 0,7%.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que a sanción tributaria dí, por non atender en prazo a notificación de data 11 de maio de 2021.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que encanto a resolución 124/22 sobre as axudas autonómicas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativas é sobre a contratación de vítimas de violencia de xénero.

En canto a desestimación da brigada contra incendios, desestimouse porque sen capataz non conceden a brigada e nos resulta imposible contratar un capataz entón, facer a selección e esperar a un capataz que primeiro este interesado e despois que cumpra, todo depende dun capataz que en Ares non hai, temos que facer a oferta en todos os sitios pero tampouco hai polo tanto, sen un capataz que teña clara vontade de selo e de cumprir co seu traballo non se pode porque logo non cumprimos coa subvención, con esta subvención hai que desbrozar dez hectáreas e nunca se desbroza máis de dous entón ben, explícaslle ao capataz porque non hai entón sempre ven o mesmo, aínda que o expliquemos lle da igual desbrozan dous, fan a redacción proporcional e ao final pagamos nós para desbrozar dúas hectáreas, pero si dúas hectáreas nolas desbroza calquera empresa por menos do que nos custa iso, non compensa, é imposible polo tanto, contratar a unha brigada de catro persoas, un chofer, un capataz, o vehículo, a maquinaria que sabedes que o ano pasado a roubaron, para desbrozar dez hectáreas e só desbrozan dous entón colles, o prezo da maquinaria, da gasolina, do vehículo e todos os soldos e dis, canto me sae desbrozar dúas hectáreas, o contratas a unha empresa e





desbroza as dez hectáreas e non gastas todo o que gastas entón, non pode ser, ademais de que un dos fins e que se contrate a xente de Ares e só un de toda a cuadrilla é de Ares, non podemos facer fronte a todos eses gastos para desbrozar dúas hectáreas non pode ser, saen as dúas hectáreas por un ollo da cara entón renunciámos e o facemos nós.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández manifestando que ademais da exposición de motivos que acaba de facer o Alcalde en canto o capataz e que como volvamos a dar cun capataz conflitivo como foi o caso do ano pasado a cuadrilla non pode actuar sen el, e iso é un problema para o concello porque non podemos cumprir co servizo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que o capataz que foi contratado o ano pasado non viña a traballar e tampouco collía o teléfono por tanto, é unha situación complicada.

Continúa o Sr. Alcalde respondendo a pregunta sobre o contencioso-administrativo da licenza de Gamundi, no 2020 solicita unha licenza para construír nese terreo que ten aí abandonado en primeira liña do paseo marítimo, é unha situación dende o meu punto de vista difícil de entender que en pleno paseo haxa unha ruína pois ben, no PXOM dada esa situación que non é entendible que a todos os veciños/as se lles pida un mínimo de decoro en todas as súas propiedades e aquí en pleno paseo ano tras ano sen gastar un duro en ningún tipo de mantemento nin mellora pois ben, creemos que segue habendo razón de interese xeral para que no PXOM iso fora equipamento, o concello o necesita é dicir, os anos pasan hai mercadillo que ocupa viais, non hai aparcadoiro no entorno pois efectivamente aí podería ser o mercadillo os martes e os xoves, nivelar todas as rúas efectivamente o que fai un goberno, pódese compartir ou non pero fai hai un lectura de interese xeral e nós fixemos esa loxicamente nese regulación do PXOM defendes os intereses e deuse unha licenza conforme a normativa anterior como fai calquera veciño/a antes da entrada en vigor cada un analiza o que lle convén e cada un mira polos seus interese persoais outra cousa, é que leve anos así como está que subas as escaleiras do concello e mires a ese lado e ves o que hai aí en primeira liña iso é o que non se pode consentir, é unha forma de dicir ti non o usas o tes en ruína ano tras ano pois nós no PXOM si que valoramos un interese xeral e creemos que iso pode ser bo para o pobo, pode ser un equipamento para computar zoa verde, para un espazo libre, mercadillo puntual e en atención a esa nova regulación que non pediu a licenza porque con ovo PXOM xa non podía, a nós esa licenza xerounos dúbidas con Costas como con calquera veciño/a na fachada marítima vinte metros é costas a que se ten que pronunciar e resulta que Costas se pronuncia e lle envía a documentación a el e a nós non polo tanto, mentres nós non tiveramos





constancia da resposta de Costas non lle dabamos a licenza por tiñamos que esperar e no xuízo achega o escrito de Costas, pois paréceme moi ben que Costas notificarlle a el e a nós non, pois que lle imos a facer, non sei si o Sr. Secretario quere puntualizar algo máis coñece máis este tema ao detalle pero a grandes rasgos foi a así, nós no podíamos darlle a licenza.

Intervén o Sr. Secretario sinalando que efectivamente Costas notificoulle a el pero nós non tiñamos coñecemento.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que estábamos a espera de que Costas notificara a resolución.

Intervén novamente o Sr. Secretario dicindo que a sentenza di que o concello non pode ter coñecemento de algo que non se lle comunicou, o tiña el, de feito hai un informe meu que no que digo que ten que ter a autorización de Costas, nos non tiñamos esa resolución e o tribunal así o fai constar.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando novamente que no xuízo presenta a resolución de Costas algo que nós non temos, e Costas porque non o comunica ao concello entón, agora ten a licenza como é lóxico, Costas di o que ten que dicir e el ten que retranquear o que ten que retranquear, pero dicilo lle correspondía a Costas non a nós e agora imaxino que edificara con respecto ao PXOM anterior, pero non pode ter iso anos e anos así porque si ao el lle vale ao concello non lle vale é o que quixemos plasmar no plan, el tomouno a tremenda pero eu xa lle dixen, son Alcalde para velar polos intereses do pobo non polos del, eu non son Alcalde para velar polos seus intereses senón edificou antes foi porque non lle deu a gana e non temos porque estar esperando a que o señor decida edificar ou non, en parte estamos contentos porque gracias a que o metemos como equipamentos o vai a arranxar.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando porque non se compra a casa.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que é porque non entramos en contacto con ninguén, hai dous fillos un en Madrid e outro en EEUU, non sei como quedou a cousa e chamas ao teléfono e non existe, eu o coñezo porque estudou conmigo el filosofía e eu dereito pero compartimos residencia universitaria pero fai moitos anos que non falo con el, eu sei que está en EEUU efectivamente vou a chamalo, ata agora non me decidín pero vou a intentar chamalo e si compramos a casa podemos ampliar o espazo do mercadillo porque esa casa é para tirar e desconxestionar a saída ao porto, e realzar o que ten ao lado, realzar ese museo de salazón





que intentamos comprar pero non hai maneira iso ao concello lle viña moi ben como propiedade etnográfica pero non hai maneira e un dos salazóns que poderíamos conservar e a verdade e que lle comunicamos por activa e pasiva que temos interese en compralo polo que representa pero en calquera caso na casa si estamos interesados en comprala para tirala, tamén estamos interesadas nese terreo e todos os días subir esas escaleiras e ver o mal estado en que se atopa, pasaban os anos e non facía nada pois o metemos en equipamentos e despois de recibir a notificación de Costas levounos a xuízo, xa non esperou a que Costas notificara ao concello pois ben, que edifique, que faga o que queira pero que cumpra a lei.

En canto a paralización das obras de Chanteiro e debido a que durante a folga de transportes lles roubaron a maquinaria, hai sinvergüenzas que querían paralizar España e lle roubaron maquinaria, había traballadores durmindo dentro das máquinas, roubaron as rodas, votáronlle terra nos depósitos da gasolina e fixeron unha desfeita, cando se normalizou a folga quedaba unha semana ou dez días para semana entón dixeron que imos a traballar unha semana e para por vacación entón, parece ser que aproveitou para coller as vacacións e nese contexto de folga de transporte e vacacións de semana santa un traxecto moi concreto froito dos inconvenientes co que se atopou a execución da obra necesita unha segunda expropiación é dicir, deseñaron os carriles, os muros de contención pero necesitan un pouco máis pero non está expropiado entón a deputación está facendo nese traxecto moi concreto unha segunda expropiación, isto non é ningún problema, na primeira fase se fixeron catro expropiacións, aquí imos pola segunda os proxectos teñen o que teñen pero hai que ir alí e executar, a obra non está parada pero está nese simpas de expropiación.

Intervén o Sr. Secretario manifestando que hai un punto pola vía de urxencia que é a “Modificación Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarias AUGAS DE GALICIA, a DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DE ARES (A CORUÑA) introducción das propostas de Augas de Galicia segundo escrito de data 25 de marzo de 2022.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que vaise a votar a incorporación pola vía de urxencia dun novo punto.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que o convenio de colaboración de Augas de Galicia para executar a obra grande de nova tubaria máis ancha e depósitos de auga no Alto de Simou foi froito de obxeccións xurídicos por parte dos servizos xurídicos da deputación, esas obxeccións





foron aceptadas por Augas de Galicia, Augas de Galicia asumiunas pero non están no convenio que aprobamos, entón Augas de Galicia acaba de enviarnos unha addenda dicindo, aprobar este documento que incorpora as suxestións da Deputación porque a o abra a pagan tres administracións Augas de Galicia, Deputación da Coruña e o Concello de Ares, como compramos os terreos do Alto de Simou temos que cedelos para que fagan a obra, os terreos onde van os depósitos temos que cedelos a Augas de Galicia.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que falta por contestar a pregunta sobre a sentenza da terraza do Mouron.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que nós, e digo nós porque ti tamén o fixeches nós intentamos facilitarlle as cousas a xente e actividade económica en tempos de pandemia fixo que practicamente as terrazas foran o descubrimento de América, descubriron que nas terrazas podían ter a actividade que dentro dos locais estaba efectivamente limitada ou ben pola pandemia ou ben pola lei antitabaco evidentemente as terrazas colleron un valor económico importante. Hai quen ten posibilidades de terrazas boas, de terrazas malas ou de terrazas limitadas pero en el fondo son espazos públicos o que intentamos facer e ser xenerosos, é certo que a ocupación das vías públicas nas terrazas agora é gratis non se paga e agora a xente quere moito e cando se tiña que pagar limitábase máis e ademais senón pode ser xusto no fronte un pouco para un lado e outro pouco para outro lado e listo, entón ben, fomos nese sentido condescendentes e a praza Cirilo Pérez salvo unha esquina hacia arriba foi ocupada na súa totalidade igual que como se reparte o Pedregal os de abaixo, o Pedregal entre os dous de abaixo o ocupan totalmente. A terraza non ten unha fisionomía dunha terraza de quita e pon, estrella Galicia facilita a lona e fas unha mini infraestrutura e desmontala todos os días é complexo ten que ser desmontable e desmontable é pero non se desmonta todos os días, igual que non se desmonta a do Tarrafa ou a do Peirao, eu tamén pedinlle que non a desmontaran porque lles serve de para de bus cando chove se mente alí a esperar o bus pero os veciños/as teñen dereito a defender os seus intereses e si unha persoa considera que as terrazas teñen que ser desmontadas e non poden ter infraestruturas que se desmonten durante moito tempo efectivamente foi a xuízo e gañou, cando estas cousas se enredan tanto ten que haber unha mala relación de vecindade, eu creo que ten que haber unha motivación moito mais ala porque meterse nun xuízo e gastar cartos en avogados por defender a legalidade dunha situación como é unha terraza, unha terraza que sabemos que hai unha familia que come dela, quen se mete co pan da xente, ninguén se mete co pan da xente, hai unha terraza , hai unha





actividade económica, o bar é pequeno se non ten esa terraza o bar non xera actividade económica entón, ao final vas a xuízo con algo que afecta a actividade económica dun bar polo tanto, creo que ten que haber algo máis, algunha razón máis.

Intervén a Sra. Marcos García sinalando que a casa está veleira, ten que haber algo máis.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que si, que ten que haber algo máis.

Intervén a Sra. Martinez Martinez dicindo que no verán viven.

Responde a Sra. Marcos García sinalando que ata agora non viviron.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando a quen lle molesta unha terraza se non vives nesa casa pero claro, a terraza ten que ser desmontable e vese claramente que esa estrutura está alí, pero costa moito montar e desmontar todos os días, esta é a situación e creo que é un sector a hostalería que temos que protexer, a min cando me ven un veciño/a a protestar por unha terraza polo ruído eu digo, son dous meses ao ano teñen que facer caixa para o inverno, temos que ser condescendentes que hai unha familia vivindo diso, outra cousa é que as catro da mañá están molestando por molestar pero no desenrolo dunha actividade económica legal e normal que as doce da noite en verán haxa ruído nunha terraza.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que no seu momento tamén pasoume a min cunha veciña de Madrid que dicía que viña a descansar eu lle dicía que tiña que aguantar un pouco porque había dous negocios (Titín, Tibu) e a xente ven a disfrutar pero se enfadaba.

Toma a palabra a Sra. Marcos García manifestando que neste caso tivo que suceder algo porque ese local foi rexentado por outros propietarios sempre houbo terraza e nunca pasou nada, algo ten que haber.

Intervén novamente o Sr. Alcalde sinalando que si, algo ten que haber pero gañaron ao concello e teñen que cumprir a sentenza, agora o servizo de urbanismo e os técnicos teñen que buscar unha solución para cumprir o auto, unha solución que intenten facer compatibles ambos intereses, pero o interese económico do negocio ten que pesar e nós temos que intentar amparar esa actividade económica e ben esa é a situación.

O Sr. Alcalde retoma o punto da incorporación pola vía de urxencia da "Modificación Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarias AUGAS DE GALICIA, a DEPUTACIÓN DA





CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DE ARES (A CORUÑA)” sinalando que é un convenio transcendental onde se incorpora as observacións da Deputación que foron aceptadas por Augas de Galicia ao convenio e en consecuencia temos que volver a aprobar o novo convenio onde se incorporan as observacións da Deputación. E unha obra transcendental como xa dixeran, o concello xa ten comprados os terreos é dicir o que tiñamos que facer xa o fixemos, convencimos a ambas administracións das necesidades da obra, pero é unha obra complicada non o digo economicamente porque é unha obra que vai a cargo dos fondos FEDER co incremento dos prezos no mercado, eu non sei que vai pasar cando saia a concurso segundo están os prezos do aceiro e o formigon.

Dáse conta do escrito presentado por Augas de Galicia de data 25 de Marzo de 2022 “Asunto: convenio de colaboración Augas de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ares para a execución da actuación de “Mellora do sistema de abastecemento de Ares (A Coruña)”, financiado ao 100% a parte elixible pola Unión Europea no marco do eixo REACT UE do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19”

Augas de Galicia remitiu ao Concello de Ares o borrador do convenio de referencia en setembro de 2021. No mes de marzo de 2022 o concello remitiu a esta entidade as observacións realizadas pola Deputación ao texto do convenio.

En relación a estas observacións, cómpre indicar o seguinte:

1. En relación ao proxecto da actuación “Mellora do sistema de abastecemento de Ares (A Coruña)”:

Poñen de manifesto que non consta no convenio o presuposto do proxecto, nin o prazo de execución; para os efectos de determinar se as aportacións e as porcentaxes son correctas, así como as anualidades programadas.

Para aos efectos de que podan valorar estes extremos poden consultar o proxecto técnico da obra no seguinte enlace:
<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/4L7W6ESWFyrmxAH>

O convenio inclúe os gastos correspondentes a execución da obra e dos contratos de seguridade e saúde e dirección de obras. Así no orzamento do convenio hai que prever a seguinte desagregación:

- Execución da obra: 3.194.874,54 €
- RC de liquidación da obra (10% do orzamento da obra): 319.487,45 €





- Seguridade e saúde: 54.255,20 €
- Dirección de obra: 81.382,81€

A distribución de anualidades do novo convenio terá que reaxustarse á nova previsión de execución das actuacións, que estará condicionada polo momento no que se consensúe o texto.

2. Respecto a dispoñibilidade dos terreos, no convenio o Concello soamente ten que asumir a obriga de poñer a disposición os terreos, e será antes da licitación da obra cando teña que acreditar a súa dispoñibilidade. No Proxecto poderán consultar os terreos que serán necesarios para executar a obra.

Polo que se refire ao IVA, este non é deducible (xa que Augas de Galicia non o factura, soamente repercutimos o coste das actuacións) e, polo tanto, é subvencionable.

Respecto da obriga establecida na cláusula 4.6 do convenio:

Recibir as obras e, como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación e conservación durante un prazo mínimo de cinco anos desde o pagamento final ao beneficiario, de acordo co artigo 71.1 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas aos diferentes fondos europeos, entre eles o FEDER.

O prazo mínimo de 5 anos está estipulado no artigo 71.1 do citado Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro. Todas as actuacións financiadas con fondos FEDER deben levar esta cláusula no convenio por exixencia da autoridade de xestión dos fondos, porén é un prazo mínimo, polo que non hai inconveniente a que o prazo establecido para a obriga asumida polo Concello sexa 10 anos.

3. Obrigas en relación as modificacións das obras: as partes asumirán os incrementos que se produzan por eventuais modificacións das actuacións de xeito proporcional a súa achega (Augas de Galicia un 40%, a Deputación Provincia da Coruña un 40% e o Concello un 20%), tal como se reflicte na cláusula 6.4 do convenio.

A eventual ampliación do orzamento do convenio tramitarase a través dunha addenda o convenio, como se estipula na cláusula 5ª e 12ª do instrumento convencional.

Todas as modificacións tramitadas conforme á lexislación contractual son gasto eleixible, polo que tamén son gastos financiábles pola UE.

4. Réxime de financiamento e obrigas de carácter económico (Cláusula 6ª):





A aportación de Augas de Galicia financiase integramente con fondos da Unión Europea.

Como se indicou anteriormente cada parte asumirá, na porcentaxe prevista, as variacións económicas á alza ou a baixa pola adxudicación dos contratos, por modificacións, revisións de prezos, liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións aos contratistas (cláusula 6.4).

Tendo en conta que as achegas das entidades locais realizaranse polo importe de licitación, a liquidación do convenio realizarase unha vez pagada a certificación final da obra e todas as certificacións dos contratos asociados. Proponse engadir na cláusula sexta o seguinte parágrafo para clarificar o procedemento de liquidación do convenio:

Logo do pagamento das certificacións das obras e de todas as certificacións dos contratos asociados a estas, Augas de Galicia remitirá á entidade local a xustificación do investimento efectuado que incluírá as certificacións, os xustificantes de pagamento, o certificado do gasto non elixible executado e as actas de recepción das obras.

No caso de que as achegas realizadas polas entidades locais sexan superiores ao 40% do importe total das actuacións obxecto do convenio, no caso da Deputación, e ao 20% no caso do Concello, Augas de Galicia devolverá a diferenza entre a achega realizada pola Deputación e polo Concello e as citadas cantidades.

5. Titularidade das obras (cláusula sétima): as obras de referencia son executadas por Augas de Galicia para o Concello polo que a entidade pública en ningún momento adquire a súa titularidade.

Proponse engadir o seguinte parágrafo a cláusula 7ª co obxecto de clarificar as dúbidas expostas pola Deputación:

Augas de Galicia, unha vez producido o acto formal de recepción das obras, poñerá en coñecemento do Concello que asume a obriga de recibilas no momento no que estas sexan postas á súa disposición, iniciándose o cumprimento e a execución por parte do Concello das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste convenio e da normativa de aplicación en canto ao seu mantemento e conservación.

6. Vixencia do convenio (cláusula 11ª): o convenio non sinala nada respecto dunha posible prórroga xa que para poder ampliar o prazo non é necesario que conste no convenio esa posibilidade; pódese ampliar en calquera momento, respectando os límites establecidos no artigo 49.h) da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público. De ser o caso, a ampliación do prazo de vixencia tramitarase a través dunha addenda ao convenio, coa conformidade de todas as partes, na





que se modificará a cláusula 11ª. En calquera caso, non existe inconveniente e sinalar a posibilidade dunha prórroga, aínda que non é necesario para a súa tramitación.

Tendo en conta a demora que está habendo na tramitación do convenio polos atrasos na contestación ao texto remitido por Augas de Galicia en setembro de 2021 e tendo en consideración que unha vez asinado o convenio a Deputación e o Concello terán que facer a súa tramitación relativa ao proxecto de obra, que se estima en 3 meses; os prazos desde a licitación ata a adxudicación, firma de contrato e replanteo das obras, que se estima en 12 meses; o prazo de execución das obras, que é de 12 meses; a súa recepción, entrega e liquidación, que se estima en 3 meses, propónse incrementar a súa vixencia como mínimo ata o 30.12.2024.

A necesaria modificación da vixencia polas causas anteditas leva consigo a imposibilidade de financiar esta actuación cos fondos REACT previstos inicialmente. Por este motivo, intentarase o financiamento desta actuación cos fondos FEDER do seguinte período operativo 2021-2027, estando na actualidade en fase de discusión e aprobación o novo programa operativo.

Por todo elo, a vixencia estará condicionada ao tempo necesario para acadar un acordo no texto do convenio, a súa propia tramitación e a dispoñibilidade dos fondos.

7. Extinción do convenio (cláusula 13ª)

En relación a como se distribuiría a financiación das obras executadas e as posibles indemnizacións no caso de que a Unión Europea non financie as obras a través dos seus Fondos Estruturais ou de Investimento, as partes financiarán os gastos proporcionalmente a súa achega. No seno da Comisión de Seguimento resolveranse as posibles controversias que poidan xurdir.

Se o convenio se extingue por causas imputables ao Concello as instalacións executadas entregaranse ao Concello. Respecto as responsabilidades, estipúlase na citada cláusula que serán exixibles os danos e responsabilidades imputables ao causante da extinción do convenio por incumprimento das súas obrigas, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras.

8. Corrixese frase na que se indica que o convenio está financiado ao 100% no marco do Eixo REACT UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, indicando que é a achega de Augas de Galicia a que está financiada ao 100% no marco do Eixo REACT UE do Programa Operativo cFEDER Galicia 2014-2020.

El beneficiario da axuda é o Concello de Ares.





O convenio recolle a publicidade relativa ao FEDER xa que é un requisito indispensable que consten nos convenios financiados con estes fondos as obrigas de publicidade que impoñe a normaiva europea dos fondos, pero nada impide que se publicite tamén a achega das demais administracións financiadoras.

Dáse conta do informe de secretaria de data 22 de abril de 2022 "Informe complementario ao emitido con data 18-10-2021. Novas estipulacións : "Convenio de colaboración entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Ares para a execución da actuación de "Mellora do sistema de abastecemento de Ares (A Coruña)", financiado ao 100% a parte elegible pola Unión Europea no marco do eixo REACT UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19; mediante tramitación anticipada de gasto" que a continuación se transcribe:

INFORME DE SECRETARÍA

En cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

Asunto: Informe complementario ao emitido con data 18-10-2021. Novas estipulacións : "Convenio de colaboración entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Ares para a execución da actuación de "Mellora do sistema de abastecemento de Ares (A Coruña)", financiado ao 100% a parte elegible pola Unión Europea no marco do eixo REACT UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19; mediante tramitación anticipada de gasto"

INFORME

PRIMEIRO.- Efectivamente no enlace remitido por Augas de Galicia figura o proxecto ós efectos do orzamento do proxecto, prazo de execución e conseguintemente aportacións e porcentaxes e anualidades programadas:

<https://amtegabox.gal/index.php/s/4L7W6ESWFyrmxAH>

SEGUNDO.- En relación ao réxime de financiamento e obrigas de carácter económico, do custo total da actuación de 3.450.000,00 €, pasa a 3.650.000,00 €, cun novo reaxuste das actuacións condicionado pola data no que se consensúe o texto.

TERCEIRO.- Adquiridos os terreos polo Concello de Ares, procede poñer a súa disposición antes da licitación, momento de acreditación da súa dispoñibilidade.

CUARTO.- Respecto ás obrigas do cláusula 4.6, a mesma deriva do artigo 71.1 do regulamento (UE) nº. 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro polo que se establecen disposicións común relativas aos diferentes fondos





europeos, entre eles o FEDER, sendo o prazo de cinco anos un prazo mínimo, ampliándose a obriga a asumir polo Concello de Ares a 10 anos.

QUINTO.- Caso de poducirse modificacións na execución das obras, nos termos das porcentaxes pactadas, efectivamente procede que para ditas eventuais modificacións das actuacións as mesmas se asuman de xeito proporcional á súa achega: Augas de Galicia: 40%, Deputación da Coruña : 40% e Concello de Ares : 20% nos termos da cláusula 6.4 do convenio.

Ditas eventuais modificacións tramitaráanse a través dunha addenda ó convenio (cláusula 5ª e 12ª do instrumento convencional).

SEXTO.- En relación ó réxime de financiamento e obrigas de carácter económico, tamén ten a súa razón que á vista das achegas da Deputación da Coruña e do Concello de Ares, se engade ó convenio unha clarificación nos termos propostos á cláusula 6.4; no senso de que unha vez liquidado o convenio e xustificado o investimento que incluírá as certificacións, xustificantes de pagamento, certificado do gasto non elixible executado e as actas de recepción das obras, no suposto de realizadas achegas superiores polo Concello de Ares e a Deputación da Coruña, Augas de Galicia reaxustará as achegas inclusive con devolucións.

SÉTIMO.- A vixencia inicial do convenio era ata 31.12.2023 e propónse incrementalala como mínimo ata o 30.12.2024.

A proposta efectuada é acorde coa Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público (art. 49.h) ao permitir unha duración máxima de catro anos, poidendo ser prorrogado por catro anos adicionais unanimamente ou de mutuo acordo antes do seu vencemento a través dunha addenda.

OITAVO.- Finalmente en relación á extinción e publicidade do convenio (cláusula 13ª) regulase a financiación das obras executadas e posibles indemnizacións no caso de que a Unión Europea non financie as obras a través dos seus fondos Estructurais así como as controversias que poidan xurdir no seno da Comisión de Seguimento, así como as responsabilidades imputables ao causante da extinción do convenio por incumprimento das súas obrigas incluíndo a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio/execución das obras.

Na cláusula 16ª aclárase que o convenio está financiado ao 100% no marco do eixo REACT UE do programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 en relación á achega de Augas de Galicia.

Na súa virtude, á vista das observacións propostas, informáse favorablemente as mesmas ós efectos de introducir as pertinentes modificacións no convenio inicial.

No entanto, o Pleno do Concello acordará o que estime pertinente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





Sometida a votación da incorporación pola vía de urxencia dun novo punto “Modificación Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarias AUGAS DE GALICIA, a DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DE ARES (A CORUÑA) **coa introducción das propostas de Augas de Galicia mediante escrito de data 25 de Marzo de 2022**” o Pleno do Concello por 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP) e 1 abstención (1 BNG-1 Ausencia Xustificada), acorda prestar a súa aprobación.

Sometida a votación a “**Modificación do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarias AUGAS DE GALICIA, a DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DE ARES (A CORUÑA)**” o Pleno do Concello por unanimidade de todos os presentes, 12 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 1 BNG-1 Ausencia Xustificada), acordan:

Primeiro.- Aprobar a “Modificación do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarias AUGAS DE GALICIA, a DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DE ARES (A CORUÑA) coa introducción das propostas de Augas de Galicia mediante escrito de data 25 de Marzo de 2022”.

Segundo.- A posta a disposición de Augas de Galicia dos terreos do Alto de Simou.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e corenta minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

